

ORDENANZA REGULADORA DA PRESTACIÓN DE SERVIZOS E USOS DO PAVILLON POLIDEPORTIVO E INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE ARNOIA.

O Concello de Arnoia, en virtude da autonomía municipal recoñecida nos artigos 137 e 140 da Constitución española pretende dotarse dunha normativa que regule eficaz e eficientemente a utilización do Pavillon Polideportivo e instalacións deportivas municipais de Arnoia tentando garantir a calidade da prestación deste servizo ós seus usuarios. O artigo 25.2 letra m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local atribúe ós municipios competencias en relación coas actividades ou instalacións culturais e deportivas. Para o exercicio das súas funcións o Concello pode utilizar a potestade regulamentaria recoñecida no artigo 4.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, (LRBRL). En virtude da normativa citada o Concello de Arnoia dótase da presente ordenanza municipal reguladora da prestación de servizos e usos do pavillón polideportivo e instalacións deportivas municipais de Arnoia.

Artigo 1.- O Pavillón Polideportivo e instalacións deportivas municipais de Arnoia, obxecto desta ordenanza, foron construídos con subvencións e aportación económica do Concello, para uso e goce dos veciños de Arnoia, e para fomentar o deporte dentro do municipio.

Artigo 2.- O Pavillón e instalacións deportivas municipais poderán ser usadas polos veciños do municipio de Arnoia, por equipos federados da comarca e por outros colectivos ou por particulares cando o soliciten expresamente.

Artigo 3.- O horario de utilización deste servizo será:

- de 10 a 14 horas e de 17 a 22 horas de luns a venres
- de 11 a 13 horas e de 16 a 22 horas os sábados, e se é o caso, domingos e festivos

Non obstante, cando por causas xustificadas sexa necesario o cambio deste horario, sobre todo para celebración de partidos de competición ou actos extradeportivos, deberase comunicar ó Concello con dous días hábiles de antelación, e ó alcalde ou ó concelleiro de Deportes, por delegación, poderán acordar o cambio de horario previsto.

Artigo 4.- Solicitud: a utilización e goce do Pavillón Polideportivo e instalacións deportivas municipais de Arnoia require a formulación dunha solicitude dirixida ó alcalde ou ó concelleiro de Deportes con 2 días hábiles de antelación nas oficinas do Concello de Arnoia.

Para a utilización da pista multiusos e pistas de tenis ubicadas na Vila Termal poderá cursar a solicitude cun menor tempo de antelación a súa utilización, se así se pode conceder ó servizo polo Concello.

A solicitude de uso do pavillón e instalacións deportivas municipais será formulada por persoa maior de idade e deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1.- Nome e apelidos do solicitante, así como o n.º do DNI Relación das persoas que van utilizar as instalacións.
- 2.- Declaración do solicitante onde se manifeste expresamente que se obriga a responder dos posibles danos e prexuízos que se puidesen ocasionar polo grupo tanto ós bens como ás persoas. Tamén se obriga a procurar que non se consuman bebidas alcohólicas nin calquera substancia nociva para a saúde e a manter limpo o local durante o tempo que se use.

- 3.- Os menores de idade requiren declaración do que exerza a súa patria potestade autorizando ó menor a utilizar as instalacións, con exclusión de esixir responsabilidades ó concello de posibles accidentes que sufra o menor nas instalacións durante o tempo que as estean utilizando.

Artigo 5.- Normas de uso xeral.- Os usuarios das instalacións deportivas deberán, durante a súa permanencia nestas, acatar os seguintes comportamentos:

- Só se poderá acceder á pista con calzado deportivo, sen sola negra; o encargado das instalacións poderá examinar o calzado para os efectos de permitir ou non o uso, co obxecto dunha mellor conservación da pista ou espacio deportivo.
- Deberán ser respetados os horarios que se asignen a persoas ou grupos en aluguer de pistas. Os horarios serán rixidos a efectos de non gravar as reservas doutros usuarios.
- Queda terminantemente prohibido utilizar a pista, en tempo de aluguer, a outras persoas distintas das usuarias, polo dito tempo, das instalacións.
- Queda prohibido o consumo de bebidas alcohólicas e doutras substancias nocivas dentro das instalacións.
- Os usuarios teñen a obrigaición de manter limpas as instalacións polo que se prohibe expresamente tirar papeis e outros residuos dentro do recinto, salvo nos lugares habilitados para o efecto.
- Prohíbese acceder á pista con bebidas, bocadillos ou outros alimentos.

Os bens depositados nos vestiarios serán de exclusiva responsabilidade dos seus propietarios, non respondendo deles o Concello de Arnoia en caso de furto.

Para acceder ás instalacións deberán portar en todo momento o recibo acreditativo de ter aboado a taxa correspondente, de existir. O dito recibo poderá ser solicitado polo encargado das instalacións.

Os menores de idade, fóra de horario escolar, deberán estar acompañados ou autorizados polos seus proxenitores ou titores no uso das instalacións deportivas. En todo caso, para proceder ó aluguer da pista a menores, deberá ser solicitado por un adulto quen asumira a responsabilidade do uso das instalacións e integridade física dos seus usuarios.

As persoas que aluguen a pista, maquinaria e utensilios para a práctica deportiva, responderán directamente do seu deterioro por causas imputables a estes.

Poderase, por faltas reiteradas, prohibirse a entrada ó recinto deportivo a aquelas persoas que vulnerasen as normas de uso das instalacións.

Artigo 6.- Uso escolar das instalacións do pavillón.- Os alumnos do Colexio Público de Arnoia, disporán, en horario de mañá, de luns a venres, do Pavillón Polideportivo e instalacións deportivas municipais de Arnoia para a práctica de deportes ou clases oficiais de ximnasia, previa solicitude cursada ó Concello.

As ditas actividades deberán ser realizadas en presenza permanente do profesor responsable do centro.

A dita utilización ten carácter gratuito.

Artigo 7.- O control dos servizos deportivos e a súa calidade estará baixo directa vixiancia do concelleiro designado pola Alcadía.

Serán funcións esenciais encomendadas a este:

Fomentar o desenvolvemento de actividades deportivas culturais do municipio.

Encauzar e fomentar o deporte escolar e as competicións no dito ámbito, coa colaboración do representante municipal no Consello Escolar, así como coas asociacións de pais e veciños.

Fomentar as actividades culturais e manifestacións artísticas no municipio, en colaboración con institucións públicas, privadas e particulares, así como colaborar para o efecto coas asociacións culturais e asociacións de veciños.

Efectuar as xestións oportunas tendentes á consecución de subvencións ou aportacións económicas de calquera procedencia co fin de financiar actividades deportivas e culturais.

Artigo 8.- Correspóndelle ó Concello de Arnoia en xestión directa e indirecta do servizo:

- 1.- Construír ou adquirir, en propiedade, outras instalacións e material deportivo para mellora na prestación dos servizos.
- 2.- Acondicionar, conservar e administrar o Pavillón Polideportivo e instalacións deportivas municipais.
- 3.- Coordinar a utilización das ditas instalacións, asegurando o libre goce e dispoñibilidade destas ós seus usuarios, de acordo cos horarios aprobados, así como os programas de actividades deportivas e culturais no termo municipal.
- 4.- Contratar ou arrendar os servizos de persoal técnico para as instalacións ou actividades que no recinto se desenvolvan.
- 5.- A formalización de convenios ou contratos públicos, privados, relativos a actos de adquisición de bens inmoables e a actos culturais ou espectáculos, aceptar subvencións da administración ou cesións de calquera procedencia. Cando proceda terase que emitir informe previo da Comisión informativa competente por razón da materia.

Disposición derradeira

Esta ordenanza, unha vez aprobada definitivamente, entrará en vigor e empezará a aplicarse dende a súa publicación no BOP de Ourense e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa polo Concello.